

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 12562** *Orde ECC/2253/2014, do 2 de decembro, pola que se modifica a Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o procedemento para a contratación e formalización de operacións de crédito que se celebrarán co Banco Europeo de Investimentos coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais, co fin de incluír as operacións de crédito que se celebrarán co Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa.*

O Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa (Council of Europe Development Bank, CEB) está a ofrecer instrumentos para financiar proxectos desenvolvidos por departamentos ministeriais dos Estados membros.

Esta nova situación puxo de manifesto a necesidade de modificar a Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, que regula o procedemento para a celebración de operacións de crédito co Banco Europeo de Investimentos (BEI), co obxecto de que tamén se inclúan no seu ámbito de aplicación as operacións de crédito que se celebren co CEB.

A contratación e a formalización de operacións de crédito que se celebren co CEB coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais seguirán o mesmo procedemento interno existente para o mesmo tipo de operacións que se celebren co BEI, aprobado na Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, o que permite asegurar a coherencia da concertación deste tipo de operacións de crédito coa programación económica e orzamentaria xeral.

En ningún caso a contratación e formalización de operacións de crédito que se poidan celebrar co CEB conforme o procedemento previsto pola Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, darán lugar a dotacións adicionais nos orzamentos dos correspondentes departamentos ministeriais e, por tanto, deben preverse os recursos necesarios para a súa execución dentro da envolvente orzamentaria fixada para os departamentos afectados; por outra parte, o proceso de elaboración de orzamentos e a dita execución deberán obedecer a normativa aplicable con carácter xeral.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o procedemento para a contratación e formalización de operacións de crédito que se celebrarán co Banco Europeo de Investimentos coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais.

A Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o procedemento para a contratación e formalización de operacións de crédito que se celebrarán co Banco Europeo de Investimentos coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O título da norma queda redactado como segue:

«Orde ECC/1908/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o procedemento para a contratación e formalización de operacións de crédito que se celebren co Banco Europeo de Investimentos e co Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa, coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais.»

Dous. Os parágrafos terceiro e sexto da parte expositiva quedan redactados do seguinte modo:

«A contratación e formalización de operacións de crédito que se celebren co Banco Europeo de Investimentos e co Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa, coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais, requiren o establecemento dun procedemento interno que permita asegurar a coherencia da concertación deste tipo de operacións de crédito coa programación económica e orzamentaria xeral.

En ningún caso a contratación e formalización de operacións de crédito que se poidan celebrar co Banco Europeo de Investimentos e co Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa, conforme o procedemento que prevé esta orde ministerial, darán lugar a dotacións adicionais nos orzamentos dos correspondentes departamentos ministeriais e, por tanto, deben preverse os recursos necesarios para a súa execución dentro da envolvente orzamentaria fixada para os departamentos afectados; por outra parte, o proceso de elaboración de orzamentos e a dita execución deberán obedecer a normativa aplicable con carácter xeral.»

Tres. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento interno para a contratación e formalización de operacións de crédito que se celebren co Banco Europeo de Investimentos ou co Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa coa finalidade de financiar proxectos de competencia dos distintos departamentos ministeriais.»

Catro. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. *Inicio do procedemento.*

1. Os departamentos ministeriais interesados na obtención de financiamento do Banco Europeo de Investimentos ou do Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa para algún proxecto da súa competencia deberán comunicar á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a súa intención de iniciaren negociacións formais con algunha das citadas entidades.

2. A citada comunicación deberá ir acompañada dun informe que versará sobre o obxecto do proxecto, o seu importe, a parte deste que eventualmente vaia ser financiada polo Banco Europeo de Investimentos ou polo Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa e as condicións financeiras indicativas da operación, así como dun informe emitido pola oficina orzamentaria sobre a incidencia do proxecto presentado no orzamento do departamento, a súa viabilidade e, se for o caso, acerca da súa conformidade co artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de decembro de 2014.—O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.